

Bibliografía (VII)

F.A.V.

Esta nova "entrega" de referencias bibliográficas sobre o Castro de Viladonga e/ou o seu Museo inclúe, como de costume, todas aquelas que van máis aló da simple mención ou cita de pasada (tamén as publicadas neste mesmo Boletín), pois, como tamén se dicía no número 8 de Croa, a aparición de Viladonga en repertorios e guías de todo tipo é cada vez máis frecuente. Por outra banda, e aínda que este apartado de Croa sempre quixo levar unha orde cronolóxica aproximada, notarase que nesta ocasión si se menciona algunha referencia non precisamente moi recente pero que cómpre recoller xa que, no seu día, quedou imperdoablemente esquecida.

- Julio REBOREDO PAZOS: "La spatha de Augusto", *Cuadernos de Pedagogía*, 191, abril 1991, p.60-61. O autor relata, con finalidade didáctica e a propósito do uso pedagóxico desta clase de obxectos, o episodio do achado e posterior (e temporal) depósito no Museo de Viladonga, dunha espada de tipo romano que resultou ser unha reprodución, quizais do século XIX, das que aparecen no chamado grupo dos Tetrarcas de S.Marcos de Venecia.

- F.DORREGO MARTÍNEZ / A. M^a. RUBIERO DA PENA: "Consideracións sobre os temas decorativos na cerámica castrexa de Viladonga", *Croa*, 8, 1998, p.21-28. Primeira análise sistemática dos motivos decorativos presentes na cerámica de tradición castrexa de Viladonga, que permite unha comparación co aparecida noutros xacementos castrexos de Galicia, tanto

da banda costeira coma do interior.

- J. REINOSO FRANCO: "El musgo luminoso *Schistostega pennata* en el Castro de Viladonga" (*Lugo*), *Croa*, 8, 1998, p.29-32. O autor dá a coñecer e describe polo miúdo unha singular especie de musgo "luminoso", presente na cova situada á entrada do Castro e que constitúe case un endemismo na metade Noroeste da Península Ibérica.

- Lois DIÉGUEZ: "A Rota do Azúmara: crónica dunha paisaxe", *Croa*, 8, 1998, p.33-35. Este escritor lucense fai unha descrición, literaria e utilísimas, da ruta de sendeirismo preparada pola Asociación de Amigos da Feira de Castro de Rei, e que ten ó Castro de Viladonga como punto de partida ou de remate.

- Darío Xohán CABANA / Alexandra CABANA: *Guía da provincia de Lugo*, (Caixavigo-Cámara de Comercio de Lugo), Lugo 1998, p.76-78. Nesta modélica obra, moi útil como roteiro de viaxes e deliciosa como texto literario que lembra as descricións oteropedraianas do país, os autores dedican uns parágrafos laudatorios ó conxunto de Viladonga, comprendendo perfectamente o seu sentido e valor arqueolóxico-histórico e patrimonial.

- "Con Castro de Viladonga a Internet" (sic), *Boletín informativo de la F.E.A.M.*, 12, junio 1999. p.31-32. Informe (resumido e "readaptado") sobre a elaboración e os primeiros resultados da páxina Web da Asociación de Amigos de

Viladonga, requerido para publicar neste órgano de expresión da Federación española destas entidades e que, polo tanto, acadou unha notable difusión entre estas.

- Luis LÓPEZ POMBO: *Castro de Rei. Historia, Arte y Patrimonio*, (Diputación Provincial de Lugo), Lugo 1999, p.393-405. Dentro do ton habitual doutras obras súas, este autor fai un gran acopio de datos, moi digno de agradecer anque non sexa sempre de xeito intelixible, coherente e ben contrastado. Inclúense varias e extensas mencións sobre o conxunto de Viladonga, nalgúns parágrafos debedores literalmente das publicacións do Museo, nos que queda patente que aquel é un enclave histórico, patrimonial e turístico de referencia ineludible no seu ámbito.

- *Arqueoloxía lucense desde o aire*, (Xunta de Galicia), Lugo 1999. Folleto de man que recolle os textos incluídos na Exposición feita sobre este tema e aberta o Día dos Museos na Sala do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, anque logo itinerou durante máis de ano e medio (e aínda continúa) por centros museísticos, educativos e culturais de toda Galicia.

- F. ARIAS VILAS / E. MONTENEGRO RÚA: "A Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga: 1989-1999, dez anos de historia", *Croa*, 9, 199, p.8-13. Artigo que recolle resumidamente o carácter, obxectivos e actividades desta Asociación nos seus primeiros dez anos de vida, que teñen servido

para difundir o conxunto de Viladonga a todos os niveis e ámbitos, impensables moitos deles hai poucos anos.

- C. LLANA RODRÍGUEZ / E. VARELA ARIAS: "Una aproximación a las actividades realizadas en la zona oriental del Barrio Norte del Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)", *Croa*, 9, 1999, p.14-29. Como indica o título, estamos diante dunha importante aportación (que non será a última) sobre a funcionalidade dunha das áreas máis interesantes do Castro, con informacións baseadas moitas delas nos datos "reconstruídos" das escavacións de Chamoso Lamas nos anos setenta.

- M^a. C. DURÁN FUENTES / M^a. P. FERNÁNDEZ VÁZQUEZ: "Anillos del Castro de Viladonga", *Croa*, 9, 1999, p.30-34. As autoras continúan neste artigo a publicación de determinados grupos de pezas achadas en Viladonga, centrándose nesta ocasión na descrición e análise pormenorizada dos aneis, todos eles encadrables dentro dos modelos romanos presentes noutros xacementos do ámbito hispánico.

- F. DORREGO MARTÍNEZ: "As visitas escolares ó Museo do Castro de Viladonga no curso 1998-1999", *Croa*, 9, 1999, p.35-38. A autora, como encargada do departamento de Educación e Acción Cultural do Museo, analiza as pautas de comportamento e o resultado educativo da presenza de grupos escolares no Castro e Museo de Viladonga, con especial atención en

casos de actividades extraescolares que ultrapasan a simple visita en plan "excursión".

- F.A.V.: "¿Viladonga nun escritor inglés?", *Croa*, 9, 1999, p.39. Curiosa, e brevísima, anécdota literaria que se presumía relacionada con este Castro pero que, como se pode ver neste número 10 de *Croa*, non é senón unha coincidencia (?) cun microtopónimo relativamente cercano.

- Buenaventura APARICIO CASADO: *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega*, (Cuadernos do Seminario de Sargadelos 80, Ed. do Castro), A Coruña 1999. Neste amplo e útil ensaio sobre o folclore arqueolóxico galego, aparecen por dereito propio mencións ás lendas e contos recollidos na comarca do Castro de Viladonga, hai xa case trinta anos, por Felipe Senén López (vid. Bibliografía I, en *Croa* 1, 1991), labor que hoxendía moi probablemente ofrecería moita menos información, dada a perda irreparable deste saberes populares.

- Pablo RAMIL REGO / Carlos FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: "La explotación de los recursos alimenticios en el Noroeste ibérico", en M.V.García Quintela, *Mitología y mitos de la Hispania prerromana*. III, (Ed. Akal), Madrid 1999, p.296-342. Nun Apéndice desta obra, os autores recollen os interesantes datos proporcionados polas análises edafolóxicas, paleobotánicas e paleozoolóxicas realizadas no Castro de Viladonga (sobre todo entre 1992 e

1996), dentro do contexto castrexo e galaico-romano.

- C. BENÉITEZ GONZÁLEZ / S. HEVIA GONZÁLEZ / R. MONTES LÓPEZ: "Cerámica común romana del Castro de Chao Sanmartín (Grandas de Salime-Asturias). I. Vajilla de mesa y despensa", *Lancia*, 3, 1998-1999, p.11-48. Interesante artigo que aporta varias mencións comparativas coa cerámica de Viladonga, moi útiles e significativas dado o contexto arqueolóxico de ambos xacementos.

- Joaquín AURRECOECHEA FERNÁNDEZ: "Origen, difusión y tipología de los broches de cinturón en la Hispania tardorromana", *Archivo Español de Arqueología*, (CSIC), vol.72, nº179-180, 1999, p.167-197. Este autor, especialista neste tipo de elementos do vestiario tardorromano e xermánico, inclúe referencias a diversas pezas de Viladonga, durante moitos anos esquecidas nas bibliografía, unhas veces por permanecer inéditas e outras por simple descoñecemento da súa existencia e/ou da súa publicación.

- M^a Rosario PÉREZ CENTENO: *Ciudad y territorio en el siglo III d.C. en Hispania*, (Universidad de Valladolid), Valladolid 1999, p.220. A bibliografía española empeza a ter en conta, por fin, xacementos galaicos coma o Castro de Viladonga á hora de analizar o contexto histórico, aínda problemático na súa caracterización global, da Hispania tardorromana.

- Enrique MONTENEGRO: "Amigos del Museo del Castro de Viladonga -sic-. Once años de historia. 1989-2000", *Boletín informativo de la F.E.A.M.*, 14, junio 2000, p.19-20. Nova adaptación dun informe-artigo remitido polo Secretario da Asociación para publicar no citado Boletín da FEAM, con información sobre a completa e interactiva Web de Viladonga e sobre outras actividades.

- Pilar BARCIELA GARRIDO / Eusebio REY SEARA: *Xacementos arqueolóxicos de Galicia*, (Ed. Xerais), Vigo 2000, p.206-211. Entre as diversas guías e roteiros arqueolóxicos que, cada vez con máis frecuencia, saen á luz, cómpre salientar esta obra polo seu rigor documental e a súa utilidade non só científica senón puramente patrimonial e ata turística. Nela dedícase un capítulo a Viladonga, ben acaído e moi aproveitable para a visita do Castro.

- F.J. GARCÍA DE CASTRO: "Poblamiento tardorromano en Galicia", *Homenaje al Prof. Montenegro. Estudios de Historia Antigua*, (Universidad de Valladolid), Valladolid 1999, p.677-690. Nova mención puntual de Viladonga a propósito dun tema similar ó tratado na obra de Pérez Centeno anteriormente citada pero aquí centrada sobre o ámbito galego que o autor, non obstante, non semella coñecer demasiado ben.

- Jorge LÓPEZ QUIROGA / Mónica R. LOVELLE: "Castros y Castilla tutiora de época sueva en

Galicia y norte de Portugal: Ensayo de inventario y propuestas interpretativas", *Hispania Antiqua*, (Universidad Valladolid), XXIII, 1999, p.361 e passim. Estes dous autores levan anos tratando, con diversa fortuna, temas referidos á ocupación do territorio (hábitat e necrópoles) na época tardorromana e altomedieval. Nesta ocasión, o tema dos castros tardíos utilizados como refuxio dos hispanorromanos diante dos suevos, dalles pé para citar Viladonga (con referencias antigas e algo erráticas), algo xa apuntado anteriormente por outros autores como Arias (só ou xunto con P. Acuña, M. Cavada) ou como Novo Güisán.

- *Os traballos artesanais no Castro de Viladonga*, (Xunta de Galicia), Lugo 2000. Guía de man da Exposición temporal aberta no Museo desde o 18 de maio, con autoría de Filomena Dorrego e Ana Rubiero e deseños de Marta Cancio, e que permite coñecer diversos aspectos etnoarqueolóxicos de moitos dos materiais aparecidos no Castro.

- Pemón BOUZAS / X.A. DOMELO: *Mitos, ritos y leyendas de Galicia. La magia del legado celta*, (Ed. Martínez Roca), Madrid 2000, p.32-33, 60-62, e passim. Un exemplo máis de acopio de datos, informacións e opinións sen maior rigor científico a propósito de megalitos, de castros (sempre "celtas"), de "culto ás pedras e ás augas", etc., etc., onde Viladonga aparece citado como "pieza singular del pasado celta de Galicia" (¿?) formando parte do ima-

xinario colectivo galego, concebido aquí como un *totum revolutum* pintoresco e destinado a facer chegar ós lectores, de xeito fácil pero non sempre científico, algúns tópicos e lugares comúns da antropoloxía e a historia galegas.

- Rafael DORRIBO CAO / Manuel REBOREDO TAXES: *Guía dos castros de Galicia*, (Ed. Cumio), Vigo 2000, p.101-108. Recollendo, moitas veces literalmente, as informacións e datos aportados polas publicacións do Museo, os autores inclúen Viladonga nesta guía de xacementos castrexos, que ven cumprir os seus fins de servir de roteiro útil para chegar ós castros escavados no ámbito galego.

- M^a. Paz VARELA CAMPOS: *Guía dos museos de Galicia*, (Ed. Nigra Trea), Vigo 2000, p.167-169. Outra guía de uso patrimonial e turístico, que resume o relativo ó Museo do Castro de Viladonga de xeito atinado e comprensible, aínda que algúns datos informativos son erróneos, debido posiblemente a que a autora non acudiu ás fontes de información máis directas e apropiadas.

- Basilio CEGARRA: *Guía e rutas da Arte. Lugo*, (Ed. Galaxia), Vigo 2000, p.36. Nova guía que pretende servir de titoría escrita para visitar conxuntos e elementos patrimoniais. Curiosamente, neste caso o autor aporta menos datos - e peor contrastados - sobre Viladonga neste volume sobre a provincia de Lugo do que xa fixera na súa útil obra xeral sobre toda Galicia (cfr. *Guía da Arte de Galicia*, Ed. Galaxia, Vigo 1992, p.65-66).